

## BLOQUE 3.- DESENVOLVEMENTO E EVOLUCIÓN DA ARTE EUROPEA NO MUNDO MODERNO

### A PINTURA RENACENTISTA. O QUATTROCENTO. ESCOLA FLORENTINA



Caracteres xerais da pintura renacentista

Masaccio

OBRAS:

- O tributo da moeda

### CARACTERES XERAIS DA PINTURA RENACENTISTA. A PINTURA DO QUATTROCE

O centro pictórico máis importante do Quattrocento italiano é Florencia.

A pintura independízase da arquitectura

Entre os trazos máis salientables desta pintura renacentista está

1. Producir **pracer estético no espectador**
2. **Representar o espazo con estudos da perspectiva** : esforzaranse en dominar a perspectiva a liñal (estudada por Brunelleschi dos clásicos)) e irán iniciando o estudio da perspectiva aérea (estudos de Alberti, posta en práctica por Leonardo) **representación da tridimensionalidade.**
3. **estudio da luz**: a luz adquire unha importancia nova e con ela as sombras que case non as viramos antes. Coa luz traballanse os volumes.
4. **Fan composicións racionais, soen ser xeométricas, triangulares, circulares...**

Polo que se refire á **temática**, o humanismo e o racionalismo fan que a arte se vaia alonxando dos temas relixiosos para centrarse en outros como:

- a representación do **home e do seu entorno**
- tamén abundará a **mitoloxía**, e con grande importancia do espido
- por influencia do humanismo e do individualismo renacentista o tema do **retrato** . Será un retrato psicolóxico con certa idealización (de perfil, de tres cuartos, con fondos paisaxísticos como telón de fondo ou fondo neutros)

Como conclusión remarcar que:

- **a pintura do XV, é unha busca constante**
- **século XVI será a culminación** deste proceso, acadando unha **alta perfección técnica**, con artistas como Leonardo, Rafael e Miguel Anxo.

#### O QUATTROCENTO. ESCOLA FLORENTINA. MASACCIO (1401-1428)


OBRA: Escena do tributo da moeda. Fresco

AUTOR: Massaccio

CRONOLOXÍA: 1427

ESTILO: Pintura renacentista do Quattrocento

UBICACIÓN: Capela Brancacci, Igrexa do Carmine en Florencia. Encargada por Filipe Brancacci. 255x598



A obra a comentar é unha das máis significativas de Massaccio, un pintor florentino da primeira metade do XV e, xunto a Brunelleschi e Donatello, son os **precursores do Renacemento**.


#### Importancia de MASACCIO (1401-1428)

**Foi o primeiro en aplicar os principios da perspectiva á pintura para dar sensación de profundidade.** Usa diversos recursos como os **escorzos** e o **claroescuro**.

Traballa en Florencia, ten relación con Giotto que vemos no sentido escultórico das figuras. Coñece a perspectiva liñal de Brunelleschi e a escultura de Donatello

Entre as súas obras destaca o fresco *A Trindade*, na igrexa de *Santa María Novella* en Florencia e a decoración da *Capela Brancacci* á que pertence a obra que imos comentar

Técnica: A obra a comentar é un fresco. As escenas colócanse enmarcadas por unha cornisa e pilastras. A Capela é denominada **A Capela Sixtina do Quattrocento**.



Tema: Religiosa. Un episodio evanxélico. Representa **un episodio da vida de San Pedro**. Cristo é abordado por un recadador e envía a Pedro buscar unha moeda para pagar.

A escena ten tres momentos:

1. No centro: o momento en que un recadador pide o imposto a Cristo e este ordena a Pedro ir búscalos. Ir buscar unha moeda no ventre dun peixe no mar de Tiberíades.
2. Na esquerda: o instante en que Pedro recolle as moedas do peixe morto, o cal é un milagre. Fíxate que está nun lateral a escena; é dicir o milagre está tratado de xeito marxinal.
3. No lado dereito: o acto de pagar o imposto pedido ao recadador.

Masaccio representa a escena pero non de xeito lóxico e cronolóxico. Pasa da claridade narrativa para acadar un equilibrio na composición:

- Composición: Pódese falar de composición pechada. Masaccio **non ordena as escenas de xeito cronolóxico**, xa que sitúa no centro o primeiro episodio e despraza cara un lado o milagre. Coloca a Cristo e os apóstolos no centro, no espazo privilexiado. Con isto acada **unha composición máis equilibrada** que se colocara as escenas nunha secuencia lóxica. Fíxate que no centro está o grupo máis numeroso e nos laterais son escenas máis lixeiras.
- Que importancia ten isto???? Pois que **non se exalta o milagre senón a postura de Cristo, exalta a actitude ética de Cristo** que manda pagar o imposto e cumprir coas obrigas cívicas. Quizás haxa unha intención de recordar aos florentinos a obrigación de pagar impostos (os catastros, establecido daquela). En todo caso **é unha nova linguaxe pictórica**

QUE APORTA MASSACCIO DE NOVIDOSO?

- Hai clara influencia de Giotto.
- Son **figuras humanas, cribles** con volumen xa que usa técnica de claroescuro
- e con **caras humanas e non divinas** (os rostros están inspirados no entorno, en mendigos, lisiados, etc). Incluso proxectan sombra no chan



- Tamén se ve a influencia de Giotto en **que escena se desenvolve nun ambiente natural**. Usa a paisaxe rochosa. Pon unha chaira diante de montañas e cunha entrada á cidade. A diferenza é que as figuras de Masaccio están na paisaxe e non diante da paisaxe como facía Giotto. **Logra unha mellor integración entre a figura e o entorno.**
- **A correcta representación do espazo grazas a que aplica a perspectiva liñal**. O punto de fuga é a cabeza de Cristo. A profundidade está lograda, tamén, coas arquitecturas que enmarcan a escena ou **as figuras de costas**.
- Resalta **grupo central coma un bloque** (unidade dos personaxes, dos apóstolos). Todas teñen unha posición de *contraposto* e **relaciónanse entre si con naturalidade, con xestos e miradas**, conformando un círculo.

Cores: Hai riqueza cromática e con eles contribúe tamén á profundidade de xeito que emprega **cores cálidas en primeiro plano (vermellos, laranxas...)** e **frías ó fondo (verdes, azuis..)**. Modela coa cor e prescinde da liña.

Conclusión: Por todo o que acabamos de ver a Capela Brancacci é exemplo dunha **pintura humana** protagonizada por apóstolos con xestos e actitudes humanas. **Masaccio humanizou a pintura** e a *Capela Brancacci* converteuse na fonte de inspiración para os pintores posteriores. É un tema relixioso pero **pensado para deleitar ó espectador**

Fíxate na frase:

En Ler

También se empieza a utilizar el contraste de los colores para distinguir lo cercano y lo lejano; los colores cálidos: rojo, amarillo, anaranjado expresan la cercanía, mientras los azules y verdes convienen a la lejanía. Eso es la perspectiva cromática.

Italia, a diferencia de la pintura flamenca, se le concede más importancia al conjunto que al detalle

